

CERTIFICACIÓN

Irene Suárez López, agás erro ou omisión involuntaria,

CERTIFICO:

Que o día 21-08-2017 ditouse a Resolución de Alcaldía/Presidencia 365/2017 cuxo contido deseguido transcribo:

“RESOLUCIÓN

ASUNTO: CONVOCATORIA MESA DE CONTRATACIÓN OBRA JB CARRERA FÁBREGAS, TRAMO 1

EXPEDIENTE: 2017/G003/000192

ANTECEDENTES:

Mediante Resolución de Alcaldía núm. 308/2017, do 12 de xullo, procedeuse á convocatoria para a contratación das obras de Mellora do saneamento e pavimentación da rúa JB Carrera Fábregas, incluída dentro do Plan único dos concellos, POS+, da Deputación provincial da Coruña, publicándose anuncio de licitación no Boletín Oficial da provincia da Coruña núm. 135, do martes 18 de xullo, así como no Perfil do contratante do órgano de contratación.

Rematado o prazo de presentación de propostas, e segundo certificado que obra no expediente, constan as seguintes ofertas:

Excavaciones POSE S.L.	N.R.E. 1174 do 9 de agosto
Búa Construcciones y Servicios S.L.	N.R.E. 1198 do 11 de agosto
Construcciones Cernadas S.L.	N.R.E. 1205 do 14 de agosto
Construcciones D. Ogando S.L.	N.R.E. 1219 do 14 de agosto
Excavaciones y Obras Melchor S.L EXCOMEL	N.R.E. 1220 do 14 de agosto
Movimientos de áridos y construcciones de Arosa S.L. MARCONSA	N.R.E. 1223 do 14 de agosto
Mecano Obras y Reformas S.L.	N.R.E. 1271 do 18 de agosto.

Á vista do anterior e de conformidade coas facultades que me confire a lexislación vixente e ao abeiro do disposto no prego de cláusulas administrativas, **RESOLVO:**

PRIMEIRO.- Nomear aos seguintes membros que formarán parte da Mesa de Contratación:

PRESIDENTE: Manuel Insua Insua, Alcalde da Corporación

VOGAIS:

- Manuela Fernández Louro, concelleira da Corporación.

- José Antonio Louro Pais, concelleiro da Corporación.
- Irene Suárez López, Secretaria-Interventora do concello.
- Antonio Martínez Domínguez, arquitecto da Oficina de rehabilitación.

SECRETARIA DA MESA: Angélica Ayala Oca, auxiliar administrativo do concello de Corcubión.

SEGUNDO.- Convocar á Mesa de Contratación para a apertura da Documentación Administrativa, SOBRE A, en sesión non pública para o día **28 de agosto, ás 10:00 horas**. Se a Mesa acorda admitir ás empresas presentadas e non procede emitir requirimento aos efectos de emenda de documentos, procederase acto seguido, en sesión pública, o mesmo día, á celebración da Mesa de Contratación para a apertura do SOBRE B, Referencias Técnicas. Criterios non avaliados de forma automática, conforme ao prego de cláusulas administrativas aprobado.

TERCEIRO.- Dar traslado da presente resolución aos membros designados na Mesa de Contratación, así como facela pública no Perfil do Contratante do Concello de Corcubión (www.corcubion.gal), e dar conta ao Pleno na vindeira sesión que se celebre.

En Corcubión, luns 21 de agosto de 2017

O Alcalde/Presidente

A Secretaria

Manuel Insua Insua

Irene Suárez López

”

Para que conste, asino a presente certificación co visto e praxe do Alcalde/Presidente.

En Corcubión, luns 21 de agosto de 2017

A Secretaria

O Alcalde/Presidente

Irene Suárez López

Manuel Insua Insua